

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN SAÚDE MENTAL A MARIÑA PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO "PLAN ESPAÑA TE PROTEGE CONTRA LA VIOLENCIA MACHISTA" NO MARCO DO "PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATIONEU".

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Asociación Saúde Mental A Mariña o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Saúde Mental A Mariña para:

- A realización dunha serie de investimentos consistentes na rehabilitación e mellora das instalacións do centro de acollida para mulleres que sofren violencia de xénero así como a adquisición dun vehículo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A entidade Asociación Saúde Mental A Mariña é unha organización sen ánimo de lucro que ten entre os seus obxectivos:

- Incorporar a perspectiva de xénero de forma transversal no ámbito da saúde mental para evitar situacións de vulnerabilidade social deste colectivo obxecto de múltiples factores de discriminación.
- Concienciar sobre a importancia de diminuír/eliminar a presenza de estereotipos de xénero, tanto na linguaxe como nos procesos educativos e de socialización.



Ademais, e na súa condición de entidade prestadora de servizos sociais, é titular dunha vivenda tutelada de transición a vida autónoma para mulleres, acondicionada e autorizada para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero con enfermidade mental, e compre os requisitos establecidos na Orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos. Está inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E1416.

Está integrada na rede galega de acollemento nos termos previstos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e ten como finalidade proporcionar aloxamento así como un espazo de protección que proporciona a cobertura de necesidades básicas como o aloxamento, manutención e gastos farmacéuticos ás persoas destinatarias do recurso.

A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Asociación Saúde Mental A Mariña para o financiamento dos investimentos previstos realizar no dito centro, para poder ofrecer uns centros de acollida axeitados e equipados e que contén cunha infraestrutura idónea.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar recursos de acollida ás mulleres vítimas de violencia de xénero axeitados e cuns espazos de confort para atender a un colectivo especialmente vulnerable como son as mulleres vítimas de violencia de xénero, así como que é os único recurso existente na Comunidade Autónoma de Galicia para mulleres vítimas de violencia de xénero con enfermidade mental. Forma parte da Rede Galega de Acollemento recollida no artigo 48 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, e como tal presta un servizo non só de acollida senón que realiza un acompañamento e asesoramento integral, nos aspectos psicolóxicos, xurídicos, sociolaborais, ás mulleres que nel residen.



De conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrência pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscrición deste convenio, posto que hai que ter en conta a especificidade das características do proxecto que se vai a levar a cabo e a ausencia no ámbito territorial de Galicia de entidades alternativas que dispoñen dos espazos e persoal axeitado para mulleres vítimas de violencia con enfermidade mental, así como a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

